

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027216	IES Fernando Esquíó	Neda	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	48
4.2. Materiais e recursos didácticos	48
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	49
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	49
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	50
6. Medidas de atención á diversidade	50
7.1. Concreción dos elementos transversais	51
7.2. Actividades complementarias	52
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	52
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	53
9. Outros apartados	54

1. Introducción

O eixe do currículo de Lingua Galega e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral e escrita adecuada nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, a interpretación dunha variada tipoloxía de textos e a apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua brinda a ferramenta e a metalinguaxe necesarias para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de comprensión, expresión e recepción crítica.

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico.

Estes obxectivos de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria supoñen unha progresión respecto dos adquiridos na educación primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora, a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e dáselle un protagonismo máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

O primeiro deles oriéntase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de Galicia, de España e do mundo, particularmente do ámbito lusófono, co propósito de favorecer actitudes de aprecio a esta diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á comprensión, produción e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía que se desenvolven a través das TIC e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral, o cuarto coa comprensión lectora e o quinto coa expresión escrita. Cómpre salientar que o proceso de ensino e aprendizaxe da lectura debe abordarse desde unha perspectiva ampla, tanto no que se refire á tipoloxía textual e ao propósito comunicativo como ao formato ou canle de difusión dos textos. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Para cada obxectivo, fórmulanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado na súa adquisición. Estes criterios teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama o uso de ferramentas e de instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Espérase que o alumnado sexa quen de activar os coñecementos en situacións comunicativas reais propias dos diferentes ámbitos. De aí a importancia de vertebrar a programación de aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe verosímiles e contextualizadas, significativas e relevantes, atendendo á súa gradación e complementariedade, para que ao remate de cada curso consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo.

Dado que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral e tendo en conta o enfoque inequivocamente global e competencial da educación lingüística, a gradación entre cursos non se establece tanto mediante a distribución diferenciada de contidos coma en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía conferido ao estudantado. Non se trata de que os coñecementos impartidos nesta materia sexan diferentes entre uns cursos e outros da ESO, a diferenza radica na intensidade e profundidade coa que estes son traballados. Por iso, tanto os contidos coma os criterios de avaliación gardan paralelismo nos diferentes cursos.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en catro bloques. O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co primeiro obxectivo. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional, vertebrados ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios e coñecer algunhas obras relevantes

da literatura galega e do ámbito lingüístico lusófono, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico a partir da formulación de hipóteses, da procura de contraexemplos e do establecemento de xeneralizacións e contraste entre linguas, usando para iso a metalinguaxe específica. A ollada cara á lingua como sistema non ha de ser, polo tanto, un coñecemento dado, senón un saber que o alumnado vai construíndo ao longo da etapa a partir de preguntas ou de problemas que fan emerxer a reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatória e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O QUE NON SE DI, NON EXISTE.	A Conversa. Adecuación. Textos literarios e non literarios. Léxico do IES. A diversidade lingüística. A comunicación. O enunciado e o alfabeto.	11	16	X		
2	A PAGA	Linguaxe non verba. Coherencia.A banda deseñada.O Léxico dos animais..A lusofonía I.O substantivo e o adxectivo. A sílaba.	11	15	X		
3	MATATEU	O tema e a idea principal. A cohesión.O texto narrativo.Oficios e profesóns. Europa plurilingüe. Determinantes.As regras de acentuación.	11	14	X		
4	AS CAMPIOAS DISCRETAS.	O título. A anáfora. Os textos xornalísticos. O corpo humano.Lusofonía II. O pronome. A acentuación diacrítica.	11	10		X	
5	GLOK	A fraseoloxía. A deixe. A descrición. A vestimenta.España, estado plurilingüe. Os verbos regulares. Uso do c, z, qu, ct,cc.	11	10		X	
6	ANIMAIS QUE CURAN	O subliñado.A substitución.A reportaxe. As novas tecnoloxías.O catalán. O eúscaro.Os verbos irregulares. Uso do b/v.	11	10		X	
7	GRAFITEIRAS	A poesía e a canción. Os medios de transporte. O esquema.As nosas linguas, as miñas linguas. Oadverbio, apreposición. Uso do h e o punto.	11	10			X
8	O VALO	O resumo.Texto tetral. O medio. Os prexuízos lingüísticos. O suxeito eo predicado. A coma e o punto e coma.	11	10			X
9	TI NON ES DE AQUÍ?	Nor,as e instrucións de uso. O deporte. As variedades xeográficas. Os complementos do predicado. Uso de s/x e os dous puntos.	12	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O QUE NON SE DI, NON EXISTE.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Valora a diversidade lingüística		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece e valora a decuación dos diferentes textos		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece os distintos xéneros literarios.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Busca información en dicionarios enoutras fontes elementais		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos dunha maneira guiada.	PE	74
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece de xeito elemental a información aportada por un texto.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta as obras lidas segundo un modelo elemental.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Clasifica os diferentes textos segundo os diversos xéneros.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos elementais con intención literaria.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Recoñece e emprega o léxico propio dos centros educativos.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Corrixe ois seus propios textos dunha maneira guiada.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Recoñece as características do enunciado e os seus tipos segundo a intención comunicativa.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Respecta a diversidade lingüística		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Diferencia os textos literarios e non literarios		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa en conversas sen tema definido	TI	26
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora textos elementais.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Recoñece os perigos das novas tecnoloxías.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Recoñece a relación entre mensaxe, canle e emisor		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Recoñece os usos discriminatorios da linguaxe.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece elementos formais e de contido en textos sinxelos.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Escolle textos axeitados a partir dos seus propios intereses.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Coñece o que significa a propiedade intelectual.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Recoñece as escollas do emisor e a súa importancia no acto comunicativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.

Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.

Contidos

- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	A PAGA	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Entende o que é a Lusofonía.	PE	88
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Valora a importancia da Lusofonía		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece as características da banda deseñada.		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece os elementos básicos da estrutura dun texto: introdución, no, desenlace/conclusión.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	É capaz de redactar un texto atendendo á súa coherencia e a súa estrutura elemental.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos e estrutúraos en función da introdución, nó, e desenlace.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Distingue as funcións referenciais, expresivas e apelativas da linguaxe.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Identifica a estrutura e o tema de textos sinxelos orais e escritos.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Valora a adecuación e coherencia da estrutura dos textos segundo ás diversas variedades e xéneros.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Elabora unha banda deseñada seguindo as convencións propias do xénero		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Manexa con soltura o léxico propio do campo semántico dos animais máis coñecidos.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Corrixe e modifica os textos propios buscando solucionar problemas básicos de adecuación e coherencia.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Recoñece a importancia da sílaba e o acento no propósito comunicativo.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece e emprega o substantivo e o adxectivo.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza diferentes exposicións e narracións elementais a partir dun tema definido.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Recoñece a importancia do acento, o ton e a entoación á hora de leaborar mensaxes. valora a linguaxe xestual.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Busca información en diferentes fontes seguindo as indicacións do profesorado.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Busca facer un uso responsáble das tecnoloxías dixitais.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Corrixe o uso discriminatorio da linguaxe naqueles caos máis recoñecibles.	TI	12
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a adecuación e idoneidade da estrutura e da canle empregada nun texto oral ou escrito.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Escolle os textos non só a apartir dos seus gustos, tamén das súas necesidades e intereses.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Recoñece o tratamento diferente dos temas segundo as diferentes manifestacións artísticas.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	É capaz de recoñecer as fontes de información habituais máis fiables do seu ámbito.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.
- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.
- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.
- Iniciación á reflexión interlingüística.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.

Contidos

- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	MATATEU	14

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Distingue entre linguas minorizadas e linguas dominantes		
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece e valora as características dun texto narrativo		
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece e valora o tema e a idea principal dun texto.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalingüaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Elabora e revisa textos a partir de ideas súas ou propostas polo profesorado que lle permitan reflexionar sobre temas do seu interese		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece un texto narrativo e as súas características.	PE	70
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	TI NON ES DE AQUÍ?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as variedades xeográficas do galego.	PE	77
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e contido de diferentes textos como poden ser as exposicións orais e escritas.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Elabora narracións e exposicións orais tendo en conta distintos elementos como poden ser o tema, o guión, a información...		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza e selecciona información dos compañeiros e compañeiras e logo fai un texto on reflexa a súa procedencia, intereses...		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos orais e escritos tendo en conta os coñecementos adquiridos É capaz de melloralos		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Valora e interpreta distintos textos instrutivos como normas, indicacións de uso...		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece a forma e o contido de distintos texto instrutivos e a súa idoneidade.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Elabora distintos textos instrutivos como poden ser recitas ou normas de comportamento.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo aos aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo. recoñe e emprega o léxico de xogos e deportes.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos dunha maneira guiada segundo os coñecementos gramaticais e textuais adquiridos, mellorándoos e corrixíndoos.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Traballa con esquemas oracionais sinxelos. Recoñece elementos básicos do predicado.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Valora e respecta o uso das distintas variedades xeográficas.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais informais de carácter dialogado onde se compartan informacións sobre procedencia, gustos, oficios... ou outros elementos que nos definan e que nos dean a acoñecer.	TI	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta as intencións do emisor e os procedementos que emprega par conseguir o seu fin, como pode ser o punto de vista, estrutura...		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planifica e redacta textos multimodais sinxelos.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	É consciente dos perigos de introducir datos e outros elementos persoais de compañeiros e compañeas nas redes sociais e os prexuízos que pode ocasionar.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Coñece e emprega distintos elementos como o tema ,o guión,, expresión e información para o seu propósito comunicativo en diferentes ámbitos.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Nas súas conversas, diálogos, debates ou distibtas interaccións orais e escritas recoñe o uso discriminatorio da linguaxe e corríxeo.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Recoñece aqueles textos instrutivos que mellor lle facilitan as súas actividades e intereses		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta as características dun texto instrutivo a partir dos seus elementos e finalidade.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relaciona e vincula distintos textos instrutivos e distintas manifestacións culturais.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información de maneira autónoma , de diferentes fontes e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as escollas lingüísticas do emisor e o seu efecto no emisor, tendo en conta o coñecemento da lingua adquirida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e

Contidos

- de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica de lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Procuramos en todo momento que as actividades propostas resultasen variadas en tipoloxías e gradadas en dificultade, de modo que enfrontarse con elas sexa unha forma de asentir conceptos e supoña un reto real para o alumnado. Alén disto, intentamos integrar en todas as unidades actividades que obriguen ao manexo de diferentes ferramentas TIC, á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais, á utilización do dicionario, á creación literaria, á resolución de problemas, á investigación, á exposición oral, ao desenvolvemento de proxectos etc.

Por outra parte, consideramos que o traballo individual é preciso en certas actividades que serven para asentir coñecementos moi concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autoconecemento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais somos conscientes da demanda da sociedade actual de cidadáns e cidadás e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que todas as unidades contén cun bo número de actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo xunto con outras que implican ao grupo clase ou ao grupo nivel; en último lugar, son ampliábeis, por suposto, ao traballo con grupos de niveis educativos diferentes. Moitas destas actividades admiten outro tipo de agrupamentos segundo o criterio do/da docente.

De igual modo, resulta habitual o recurso a tarefas integradas, actividades máis amplas que permiten pór en practica diferentes coñecementos e destrezas do presente curso e de cursos anteriores, que integran saberes tanto transversais como pertencentes ás diferentes materias e que teñen por obxectivo a obtención dun produto final que favorece a impresión no alumnado de estar a facer algo cunha utilidade tanxíbel.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

1º ESO

Lingua galega e literatura. Xerais, 2022 ISBN 978-84-9121-869-2.

Cada alumna e alumno terá un caderno de traballo específico para a materia.

Manexaremos o ordenador e o proxector de aula así como os ordenadores da sala de informática para traballar con todas aquelas páxinas web que poidan servir de complemento a aquelas actividades que se estean a desenvolver na aula nese momento.

Consultaremos calquera referencia bibliográfica, xornalística pertinente para a aula.

Escoitaremos e analizaremos cancións .

Faremos lecturas colectivas de textos que procuraremos na rede.

O alumnado terá que ler, individualmente, un libro por trimestre. Terá que escoller entre varios e vaise procurar que sexan títulos atractivos e que se poidan conseguir facilmente na biblioteca.

PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA

Por suposto que esta lista é orientativa. Pode sufrir variacións se se considera que hai outros títulos máis atractivos para o alumnado, ou este demanda un determinado tipo de lectura ou en previsión da visita ao centro dalgún escritor ou escritora.

Algunhas das propostas de lectura son:

- Francisco Castro: Chamádeme Simbad.Editorial Galaxia.
- Leticia Costas: Escarlatina, a cociñeira defunta. Xerais.
- Leticia Costas: Esmeraldina, a pequena defunta. Xe
- Eva Mejuto, 22 segundos, Xerais.
- Andrea Maceiras, O segredo do lagarto arnal, Baía Edicións.
- Jordi Sierra i Fabra: Kafka e a boneca viaxeira.Galaxia.

-Xosé Tomás: Animalia.Xerais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O alumnado deberá interpretar un texto oral e escrito e responder a unha serie de cuestións sobre o mesmo. Esta avaliación inicial terá unha función orientativa que nos permitirá coñecer o noso alumnado e traballar con el desde a súa diversidade.

Tamén contamos coa información que nos facilitan os equipos de orientación dos centros de procedencia e que nola remite o equipo de orientación do centro a través do equipo directivo.

Cando se convoque a avaliación inicial as decisións que se adopten consensúanse co grupo de profesorado que traballa con ese alumnado e contando coas recomendacións de orientación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	11	11	12	100
Proba escrita	74	88	70	82	79	77	77	70	77	77
Táboa de indicadores	26	12	30	18	21	23	23	30	23	23

Criterios de cualificación:

En 1º de ESO no primeiro trimestre realizaremos unha proba escrita por cada unidade para ir vendo o grao de comprensión e de traballo do alumnado. Xa no segundo e no terceiro trimestres valoraremos se se pode facer un exame por cada dúas unidades.

-O conxunto de probas escritas valerá ata un total de 6 puntos no conxunto da avaliación.

- Valorarase a oralidade: expresión en galego, con 1 punto. Esta avalíase a partir da práctica diaria na aula e tamén na proba oral do libro ou probas específicas que se programen no decorrer do curso.

- Será obrigatoria a lectura dun libro por trimestre que se valorará ata o máximo de 1 punto. Para demostrar que leu o libro o alumnado realizará unha proba ou traballo (oral ou escrito). Nesta proba ou traballo avalíase o dominio da lingua por un lado; e por outro a comprensión lectora.

-Tamén se contempla a posibilidade de que o alumnado lea outro libro ou fragmentos de libros, de que faga pequenos traballos de investigación, todo iso máis o traballo de clase e o traballo da casa valorarase ata o total de 2 puntos.

- As probas escritas farán media, pero nunca con menos de 3,5 (sobre 10), e a media das dúas debe acadar o cinco.

A avaliación, nesta materia, é continua e non faremos exames de recuperación. O alumnado fará mínimo dous exames por avaliación e aqueles que non acaden o aprobado no mes de xuño realizarán un exame final, que se centrará nas carencias detectadas ao longo do curso, e que serán obxecto de reforzo nos últimos días lectivos.

Na nota final este derradeiro exame terá un peso do 70% . Para o resto da nota incluírase algunha lectura obrigatoria que se valorará ata un 10 % . O 20% restante, obterase do traballo diario, as lecturas e os traballos de creación realizados ao longo do curso.

Cráterios de recuperación:

- a) Non se farán recuperacións dado que os contidos son progresivos e se reutilízan dunha avaliación para outra.
- b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- c) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar as probas e/ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai materias pendentes en 1º da ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

En 1º de ESO temos alumnado con casuísticas moi complexas: tres repetidores, catro posibles casos de ACS, alumnado que tivo reforzo no curso anterior: 9; cinco casos de dislexia ás veces acompañada de trastorno específico de linguaxe ou trastorno lecto-escritura ou trastorno de aprendizaxe.

O alumnado está dividido en tres desdobres dende inicio de curso. Cada desdobre é impartido por cadansúa profesora en horario simultáneo. A maiores contamos con 4 horas de apoio da profesora de PT.O número de alumnos/as por aula é o seguinte: 15,16 e 18. Nos dous primeiros é onde se concentran máis casos de atención personalizada.

Os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Nas dinámicas ensino/aprendizaxe temos en conta medidas como:

- Explicar de xeito claro e conciso contidos e/ou actividades programadas na unidade/período lectivo.
- Utilizar soportes audiovisuais de apoio.
- Reforzar a interacción co alumnado: lecturas en común, estudo de casos.
- Medidas individuais en función das NNEE de alumnas ou alumnos.
- Ubicación nun lugar específico do aula.
- Nos exames, e especialmente en preguntas complexas, salienta mediante letra grosa que é exactamente o que hai que responder.
- Fraccionar exames, adxudicar espazos concretos para a resolución de cada pregunta.
- Adaptar os tempos para a realización de exames (tempo adicional nun contexto que favoreza a concentración).
- Atender as demandas do alumnado en relación coa comprensión do exame: no caso de que non entenda que se lle solicita, lerlle as cuestións asegurando que escoitou e comprendeu o que se lle pide.
- Material de traballo adaptado ás súas necesidades.
- Lecturas adaptadas ás súas necesidades.

Na presentación dos contidos e actividades:

- A clasificación, xerarquización e ordenación das actividades (tanto si son do libro de texto como se as elaborou a profesora) están pensadas de xeito tal que facilitan as seguintes estratexias de atención á diversidade.
- Distinguir claramente contidos prioritarios e contidos complementarios ou de ampliación.
- Propoñer actividades diferenciadas (de repaso, reforzo e ampliación dos contidos) en función da distinción establecida nos contidos.
- Secuenciar as actividades de comprobación e consolidación para que presenten unha dificultade progresiva e unha gran variedade de estratexias e destrezas.
- Utilizar metodoloxías diversas.
- Empregar materiais variados.

Tanto as unidades didácticas do libro de texto como o material facilitado pola profesora directamente ou na aula virtual inclúen:

- Tarefas interactivas que permiten interrelacionar contidos conceptuais.
- Tarefas de ensino-aprendizaxe e investigación que permiten ampliar ou reforzar.

- Tarefas de apoio con diferentes grados de dificultade.
- Tarefas comentadas que inclúen temas transversais.

En resumo , utilización de materiais variados usados con racionalidade e no momento adecuado para facilitar a atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - IGUALDADE E RESPECTO:	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - EMPRENDEMENTO	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - EDUCACIÓN VIARIA	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - IGUALDADE E RESPECTO:	X
ET.2 - EMPRENDEMENTO	X
ET.3 - EDUCACIÓN VIARIA	X

Observacións:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.
2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e decalquera tipo de violencia.
4. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Alén diso trataremos ao longo das nosas unidades todos aqueles que se poden agrupar nas tres propostas de igualdade e tolerancia, emprendemento e educación viaria. No primeiro figurarán todos os que se refiren a igualdade de xénero, violencia sexual, racismos, acoso...

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	O alumnado fará saídas culturais vencelladas co teatro, cinema ou música en galego. Traballaremos temas transversais.	X		
Saída programada á Mondoñedo e arredores	Coa finalidade de relacionar a biografía e a obra de Cunqueiro co seu contexto xeográfico. Traballaremos temas transversais		X	
Presenza de autoras/es en lingua galega	Daremos preferencia á presenza de autoras actuais, traballadas durante o curso. Traballaremos temas transversais.			X
Participación en obradoiros relacionados coa lingua e cultura	Daremos especial atención á presenza do galego nas redes sociais, poñéndoos en relación cos temas transversais		X	

Observacións:

As actividades complementarias non están confirmadas e poden sufrir modificacións dependendo de múltiples factores.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
PE: Adoptáronse as medidas precisas para atender ao alumnado con NEAE.
Metodoloxía empregada
PE: O nivel de dificultade foi o axeitado ás características do alumnado.
PE: Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu o proceso de aprendizaxe. PD:Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
PE: Dáse un peso eal á observación do traballo na aula.
PD:Como norma xeral, fanse explicacións para todo o alumnado.
PD: . Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
PD: Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
PE: Coseguiuse motivar para lograr a a actividade física e inelectual do alumnado. PD:Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
PE: Empregáronse distintos instrumentos e avaliación.Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
PD: Poténcianse estratexias de animación á lectura.
PD: Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe
Medidas de atención á diversidade
PE: Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.
PD.Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
PD: Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
PD: Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
PE: Conseguiuse a participación activa do alumnado.
PE: Valórase adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
PD: . Combínase o traballo individual e en equipo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
PE: Contouse co apoio e implicación das famlias no traballo do alumnado.
PE: Mantívose un contacto periódico coas familias por parte do profesorado.

Descrición:

Ao final de cada avaliación os membros do Departamento reuniranse para analizar os resultados da mesma e ver en que medida se lograron os obxectivos propostos para ese trimestre. Os nosos indicadores de logros fundamentaranse en que tanto por cento da materia se conseguiu impartir e en analizar a porcentaxe de aprobados e suspensos dentro de cada grupo a avaliar. A partir dos resultados obtidos, reformularase a práctica docente para mellorar os resultados. Todas as modificacións que se vaian facendo ao longo do curso, recolleranse na memoria final de curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O departamento de Lingua Galega e Literatura co fin de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas, realiza unha reunión semanal onde, ademais de abordar as cuestións puntuais que vaian xurdindo (información preparación de CCP, adquisición de material, organización de actividades propias ou en colaboración coa Biblioteca), se comentan e toman decisións sobre os problemas que van aparecendo na posta en práctica das programacións de aula, así como o seguimento a pendentes e alumnos con necesidades educativas especiais. Moitas destas decisións son recollidas nas actas das reunións e os acordos, ademais de ir afectando á marcha do curso, reflectiranse na memoria final do departamento para seren tidos en conta na programación didáctica do curso seguinte. Ademais, tamén analizamos os resultados de cada avaliación para tomar medidas que poidan suplir posibles carencias ou problemas que se detecten en cada grupo. A avaliación da programación didáctica é un dos aspectos fundamentais do traballo docente, xa que permite

determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

A adecuada posta en marcha de mecanismos de avaliación da programación propiciarán unha notábel mellora do traballo nas aulas. Porén, debemos ter en conta que materiais, metodoloxías, recursos, actividades etc. que funcionan durante un curso poden non facelo no seguinte, posto que o factor humano do alumnado e a súa diversidade xoga un papel determinante no noso traballo diario. Para tratar de paliar no mínimo estes inconvenientes debemos contar cun bo repertorio de materiais flexíbeis e apoiarnos en metodoloxías que permitan as adaptacións curriculares que sexan precisas.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación / causas de non cumprimento, reflexión sobre as posíbeis situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

9. Outros apartados